**PRESTACIÓN**

# NACEMENTO E COIDADO DE MENOR

## INSTRUCIÓNS PARA ENCHER A SOLICITUDE

1. **DATOS PERSOAIS.-** Encherase cos datos de identificación persoal e de residencia permanente dos apartados 1.1 SOLICITANTE e 1.2 DATOS IDENTIFICATIVOS DO OUTRO PROXENITOR (apartado 1.2 só debe cubrirse de maneira obrigatoria en caso de ter dous ou máis fillos por parto múltiple, en caso de adopción, garda con fins de adopción ou acollemento de dous ou máis menores simultaneamente, ou se ao solicitante lle é de aplicación o Estatuto Básico do Empregado Público para os efectos desta prestación).

   Se a petición non se formula en nome propio, senón a través de representante, cubrirase o apartado 1.3 DO REPRESENTANTE LEGAL ou o apartado 1.4 DO REPRESENTANTE VOLUNTARIO, indicando el tipo de representación y a quien representa.

   É fundamental que o enderezo de correo electrónico e o número de teléfono móbil do solicitante sexan proporcionados correctamente. Estes datos son necesarios para enviar notificacións ou calquera información relevante relacionada co seu expediente. Asegúrese de que esta información estea completa e actualizada antes de enviar a súa solicitude.

2. **MOTIVO DA SOLICITUDE.-** Cumprimentarase indicando as datas e datos que se soliciten neste apartado. (en 2.1 ou 2.2).

3. **NORMATIVA APLICABLE.-** Indique a normativa que lle é de aplicación, para os efectos desta prestación.

4. **MODALIDADE DE GOCE DA PRESTACIÓN.-** Dos datos consignados neste apartado depende a duración da prestación solicitada, polo que é importante facilitar a maior información posible.

   É importante indicar tamén se a nai biolóxica vai gozar do descanso con anterioridade ao parto.

   **GOCE DO DESCANSO:** Indique o período no que quere gozar da prestación por nacemento e coidado do menor. Teña en conta que, unha vez recoñecido o período solicitado, non se poderá modificar.

5. **SUBSIDIO ESPECIAL EN CASO DE PARTO/ADOPCIÓN/GARDA CON FINS DE ADOPCIÓN/ACOLLEMENTO MÚLTIPLES.-** Sinale se vai ser beneficiario deste subsidio.

6. **OUTROS DATOS.-** No apartado DATOS FISCAIS debe indicar a provincia onde ten establecida a súa residencia fiscal (máis de 180 días ao ano).

   En territorio común e territorio foral vasco, a prestación por nacemento e coidado de menor está exenta de retención por IRPF.

   En territorio foral navarro, poderá elixir para esta prestación por nacemento e coidado de menor, para os efectos de retención do IRPF, que se lle aplique a táboa xeral, a táboa de pensionistas, ou un tipo de retención voluntario, así como indicar datos sobre grao de discapacidade recoñecido e/ ou o importe da pensión compensatoria que lle aboe ao excónxuxe.

   A elección de LINGUA COOFICIAL só xerará efectos nas Comunidades Autónomas que a teñan recoñecida.

7. **DATOS BANCARIOS.-** Poña especial coidado ao completar os recadros da conta bancaria. O titular da conta debe ser en todo caso o solicitante, mesmo cando necesite medidas de apoio xudiciais, salvo nos casos en que o representante legal estea acreditado para o cobramento mediante resolución xudicial.

   O erro ou a falta deste dato impediría o pagamento da prestación que, no seu caso, se puidese recoñecer.

   Debe indicar o IBAN, que é o equivalente ao seu número internacional de conta bancaria. Pode atopalo nos recibos e comunicacións que lle envía o seu banco ou caixa de aforros. No seu defecto, encha as casas correspondentes ao “código conta cliente” (CCC).

8. **CONSENTIMENTO TRAMITACIÓN ELECTRÓNICA.-** Lembre marcar esta opción se autoriza un funcionario público habilitado ou un tratamento automatizado do Instituto Nacional da Seguridade Social para a realización electrónica deste trámite.

20260724

C-234 gal V.3

MINISTERIO
DE INCLUSIÓN, SEGURIDAD SOCIAL
Y MIGRACIONES

Borrar

SECRETARÍA DE ESTADO DA SEGURIDADE SOCIAL E PENSIÓNS
SECRETARÍA DE ESTADO DE LA SEGURIDAD SOCIAL Y PENSIONES

INSTITUTO NACIONAL DA SEGURIDADE SOCIAL
INSTITUTO NACIONAL DE LA SEGURIDAD SOCIAL

Rexistro do INSS

# NACEMENTO E COIDADO DE MENOR

Pode solicitar este trámite a través da Sede Electrónica da Seguridade Social (***https://sede.seg-social.gob.es***), tanto con certificado dixital como con Cl@ve permanente. Se non dispón de ningún sistema de identificación electrónica, poderá realizar o trámite en ***https://run.gob.es/tramites*** ou presentar un exemplar asinado por correo ordinario ou nun centro de atención e información da Seguridade Social solicitando cita previa nos teléfonos 901 10 65 70 / 91 541 25 30 ou en ***https://run.gob.es/trdcita***

## 1. DATOS PERSOAIS

**1.1 SOLICITANTE** (seleccione unha opción): **NAI BIOLÓXICA** ☐ **OUTRO PROXENITOR** ☐

| Primeiro apelido | Segundo apelido | Nome |
|---|---|---|
| | | |

| Data de nacemento | Sexo ☐ Home ☐ Muller | DNI-NIE-Pasaporte | Nº da Seguridade Social | Nacionalidade |
|---|---|---|---|---|
| | | | | |

| Enderezo (rúa, praza …) | Número | Bloque | Escaleira | Piso | Porta | Teléfono móbil |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | |

| Código postal | Localidade | Provincia | Correo electrónico |
|---|---|---|---|
| | | | |

**1.2 DATOS IDENTIFICATIVOS DO OUTRO PROXENITOR DISTINTO DO SOLICITANTE**

| Primeiro apelido | Segundo apelido | Nome |
|---|---|---|
| | | |

| DNI-NIE-Pasaporte | Nº da Seguridade Social |
|---|---|
| | |

**1.3 DO REPRESENTANTE LEGAL** (persoa que presta medidas de apoio a persoas con discapacidade ou menores)

☐ Titular da patria potestade ☐ Titor ☐ Titor institucional
☐ Gardador de feito ☐ Curador ☐ Curador institucional
☐ Defensor xudicial

| Primeiro apelido | Segundo apelido | Nome/Razón social | DNI-NIE-Pasaporte-CIF/NIF |
|---|---|---|---|
| | | | |

| Enderezo (rúa, praza …) | Número | Bloque | Escaleira | Piso | Porta | Teléfono |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | |

| Código postal | Localidade | Provincia | Correo electrónico |
|---|---|---|---|
| | | | |

**1.4 DO REPRESENTANTE VOLUNTARIO**

☐ Representante acreditado mediante modelo de representación ("familiar ou amigo" ou "profesional colexiado")
☐ Apoderado inscrito no Rexistro Electrónico de Apoderamentos

| Primeiro apelido | Segundo apelido | Nome/Razón social | DNI-NIE-Pasaporte-CIF/NIF |
|---|---|---|---|
| | | | |

| Enderezo (rúa, praza …) | Número | Bloque | Escaleira | Piso | Porta | Teléfono |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | |

| Código postal | Localidade | Provincia | Correo electrónico |
|---|---|---|---|
| | | | |

Apelidos e nome do solicitante: DNI-NIE-Pasaporte: ②

## 2. MOTIVO DA SOLICITUDE

**2.1** **NACEMENTO** ☐ **XESTACIÓN POR SUBSTITUCIÓN** ☐

Data do parto ..... Número de fillos nacidos ..... Número de fillos nacidos con discapacidade .....

En caso de discapacidade do fillo nacido, ten certificado de discapacidade? SI ☐ NON ☐ Grao recoñecido ..... %

Se non ten certificado, indique a data na que o solicitou ..... Familia monoparental: SI ☐ NON ☐

**2.2** **ADOPCIÓN** ☐ **GARDA CON FINS DE ADOPCIÓN** ☐ **ACOLLEMENTO** ☐ **TUTELA** ☐

Número de menores adoptados/en situación de garda/acollidos/tutelados ..... Data de nacemento do menor .....

Número de menores adoptados/en situación de garda/acollidos/tutelados con discapacidade polos que se solicita a prestación .....

Ten certificado de discapacidade? SI ☐ NON ☐ Grao recoñecido ..... %

Se non ten certificado, indique a data na que o solicitou .....

Data da resolución xudicial ou administrativa ..... Familia monoparental SI ☐ NON ☐

Con desprazamento internacional previo: Data do desprazamento ..... Data probable da adopción/garda/acollemento .....

## 3. NORMATIVA APLICABLE

**ÉLLE DE APLICACIÓN O ESTATUTO DOS TRABALLADORES (ET)?** SI ☐ NON ☐

**ÉLLE DE APLICACIÓN O ESTATUTO BÁSICO DO EMPREGADO PÚBLICO (EBEP)?[1]** SI ☐ NON ☐

(1) Ao personal laboral ao servizo das Administracións Públicas élle de aplicación, a estes efectos, o Estatuto Básico do Empregado Público (Art. 7 EBEP).

## 4. MODALIDADE DE GOCE

**4.1** **NAI BIOLÓXICA:** Vai gozar do descanso con anterioridade ao parto? (non aplicable ao EBEP)

Data comezo descanso[2] ..... Data probable do parto .....

(2) Para traballadoras que lles sexa de aplicación o Estatuto dos Traballadores (Art. 48.4 ET)), poderase anticipar a prestación, antes da data prevista do parto, por semanas, cun máximo de catro semanas.

**4.2** **GOCE DO DESCANSO**

Data comezo[3] ..... Data fin .....

Quere desfrutar da súa prestación en máis dun período? SI ☐ NON ☐

***En caso afirmativo, cubra o formulario "Goce, en múltiples períodos da prestación por nacemento e coidado do menor" (que achará en www.seg-social.es).***

(3) As seis semanas seguintes ao parto, ou á resolución xudicial ou administrativa en caso de adopción, garda con fins de adopción ou acollemento, deben gozarse obrigatoriamente a xornada completa e de forma ininterrompida.

## 5. SUBSIDIO ESPECIAL EN CASO DE PARTO/ADOPCIÓN/GARDA CON FINS DE ADOPCIÓN/ ACOLLEMENTO MÚLTIPLES

Vai gozar do subsidio especial por parto/adopción/garda con fins de adopción/acollemento múltiples?[4] SI ☐ NON ☐

(4) **Se ambos os proxenitores traballan,** deberán acordar cal deles vai percibir este subsidio, tendo en conta que o proxenitor que sexa o beneficiario deberá gozar dun período de descanso de 6 semanas ininterrompidas e a xornada completa despois do parto, ou da resolución xudicial ou administrativa en caso de adopción, garda con fins de adopción ou acollemento. Para establecer o acordo, deberase cubrir o formulario "Acordo dos proxenitores sobre o goce do subsidio especial por parto/adopción/garda con fins de adopción/ acollemento múltiples" (que atopará en *www.seg-social.es).*

## 6. OUTROS DATOS

**6.1** **DATOS FISCAIS**

Residencia fiscal: Provincia .....

Se a súa residencia fiscal está en TERRITORIO FORAL NAVARRO, a efectos de retención por IRPF desexa que se lle aplique:

Táboa xeral ☐ Número de fillos ..... Táboa de pensionistas ☐ Tipo voluntario ☐ .....%

Discapacidade (se ten grao recoñecido, indíqueo) Igual ou superior ao 33% e inferior ao 65% ☐ Igual ou superior ao 65% ☐

Pensión compensatoria (indique importe anual): ..... €

**6.2** **LINGUA COOFICIAL** na que desexa recibir a súa comunicación/resolución .....

| Apelidos e nome do solicitante: | DNI-NIE-Pasaporte: ③ |
|---|---|

**7. DATOS BANCARIOS** (O titular da conta debe ser en todo caso o solicitante, mesmo cando necesite medidas de apoio xudiciais, salvo nos casos en que o representante legal estea acreditado para o cobramento mediante resolución xudicial). O erro ou a falta deste dato impediría o pagamento da prestación.

En conta do:
- ☐ Solicitante
- ☐ Titular da patria potestade ou titor
- ☐ Representante legal acreditado para o cobramento mediante resolución xudicial

**PAGAMENTO EN ESPAÑA**

CÓDIGO IBAN

| Código país | Entidade | Oficina / Sucursal | Díxito control | Número de conta |
|---|---|---|---|---|
| | | | | |

**PAGAMENTO NO EXTRANXEIRO(5)**

País ..... BIC/SWIFT(5) ..... CÓDIGO IBAN .....

Nome dade entidade bancaria .....

Enderezo da sucursal .....

(5) Exclusivamente para residentes no extranxeiro

## 8. CONSENTIMIENTO TRAMITACIÓN ELECTRÓNICA

☐ **OUTORGO** o meu consentimento, válido por esta única vez, para a identificación e autenticación por un funcionario público habilitado ou mediante un tratamento automatizado do Instituto Nacional da Seguridade Social para a realización electrónica deste trámite.

**DECLARO** que son certos os datos incluídos nesta solicitude.

O Instituto Nacional da Seguridade Social solicita o seu consentimento para consultar e recoller electronicamente os datos ou documentos que se atopen en poder de calquera Administración, cuxo acceso non estea previamente amparado pola lei e que sexan necesarios para resolver a súa solicitude e xestionar, no seu caso, a prestación recoñecida.

☐ **SI dou o meu consentimento**

☐ **NON dou o meu consentimento**

**NOTA IMPORTANTE: En caso de non dar o seu consentimento deberá achegar, no prazo de 10 días hábiles, os documentos que se lle indiquen que sexan necesarios para resolver a súa solicitude e xestionar, no seu caso, a prestación recoñecida.**

O Instituto Nacional da Seguridade Social solicita o seu consentimento para utilizar o teléfono móbil, o correo electrónico e os datos de contacto consignados nesta solicitude para enviarlle comunicacións en materia de Seguridade Social.

☐ **SI dou o meu consentimento**

☐ **NON dou o meu consentimento**

| INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS | |
|---|---|
| **RESPONSABLE** | Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS) |
| **FINALIDADE** | Xestión das prestacións do Sistema da Seguridade Social competencia do INSS |
| **LEXITIMACIÓN** | Exercicio de poderes públicos |
| **DESTINATARIOS** | Só se efectuarán cesións e transferencias previstas legalmente ou autorizadas mediante o seu consentimento |
| **DEREITOS** | Acceder, rectificar e suprimir os datos, así como outros dereitos, como se explica na información adicional |
| **PROCEDENCIA** | Recollemos datos doutras administracións e entidades nos termos legalmente previstos |
| **INFORMACIÓN ADICIONAL** | Pode consultar información adicional e polo miúdo na folla informativa que se achega ao presente formulario no apartado "INFORMACIÓN ADICIONAL SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS" |

..... , a ..... de ..... de 20 .....

Sinatura do solicitante

**Se vai presentar esta solicitude por Internet, non é preciso que asine este formulario**

DIRECCIÓN PROVINCIAL DO INSTITUTO NACIONAL DA SEGURIDADE SOCIAL DE .....

MINISTERIO
DE INCLUSIÓN, SEGURIDAD SOCIAL
Y MIGRACIONES

SECRETARÍA DE ESTADO DA SEGURIDADE SOCIAL E PENSIÓNS
SECRETARÍA DE ESTADO DE LA SEGURIDAD SOCIAL Y PENSIONES

INSTITUTO NACIONAL DA SEGURIDADE SOCIAL
INSTITUTO NACIONAL DE LA SEGURIDAD SOCIAL

Rexistro do INSS

**A ENCHER POLA ADMINISTRACIÓN**

Clave de identificación do seu expediente:

Funcionario de contacto:

Apelidos e nome do solicitante: DNI-NIE-Pasaporte (4)

## SOLICITUDE DE PRESTACIÓN DE NACEMENTO E COIDADO DE MENOR

**DOCUMENTOS QUE SE LLE REQUIREN NA DATA DE RECEPCIÓN DA SOLICITUDE POLO INSS:**

1 ☐ DNI, pasaporte ou equivalente, NIE, TIE ou CIF/NIF de:
- ☐ Solicitante.
- ☐ Representante legal.
- ☐ Representante voluntario.

2 ☐ En caso de representación:
- ☐ Se é representante legal, resolución ou autorización xudicial que acredite a representación legal.
- ☐ Se é representante voluntario, documento acreditativo da representación.

3 ☐ Se o representante legal é o titular da patria potestade do solicitante, libro de familia.

4 ☐ Certificado de empresa.

5 ☐ Autónomos: declaración situación da actividade.

6 ☐ "Informe de maternidade" do Servizo Público de Saúde.

7 ☐ Libro de familia ou certificación da inscrición cando estes datos non consten automatizados no Rexistro Civil.

8 ☐ "Declaración de nacidos sen vida tras os seis meses de xestación", do Rexistro Civil.

9 ☐ Certificado ou informe médico sobre a discapacidade do fillo.

10 ☐ Adopción internacional: certificado que xustifique a necesidade do desprazamento previo dos proxenitores ao país de orixe do adoptado.

11 ☐ "Resolución xudicial" pola que se constitúa a adopción ou "decisión administrativa ou xudicial" de garda con fins de adopción ou acollemento.

12 ☐ Non inscrita na Oficina Consular Española: visado de entrada a prol do menor expedido na Oficina Consular Española e documento acreditativo de ter comezados os trámites de adopción ou inscrición no Rexistro Civil Central.

13 ☐ Outros documentos.

.....

Recibín Sinatura

20260724
C-234 gal V.3

**PRESTACIÓN**

# NACEMENTO E COIDADO DE MENOR

## DOCUMENTOS NECESARIOS PARA O TRÁMITE DA PRESTACIÓN (*)

**1. EN TODOS OS CASOS**

– Acreditación de identidade de: solicitante, outro proxenitor distinto do solicitante (só cando sexa obrigatorio cubrir o apartado 1.2) e, no caso de que houbese, do representante legal ou do representante voluntario mediante a seguinte documentación en vigor:

  • Españois: Documento nacional de identidade (DNI).

  • Estranxeiros: Pasaporte ou, no seu caso, documento de identidade vixente no seu país e NIE (Número de Identificación de Estranxeiro) esixido pola AEAT a efectos de pagamento ou Tarxeta de Identidade de Extranxeiro (TIE).

– Documentación acreditativa da representación legal ou voluntaria, se é o caso.

– Se o representante é titor institucional, o CIF/NIF.

– Se o representante legal é o titular da patria potestade do solicitante, libro de familia.

– Traballadores por conta allea: certificado da empresa no que conste a data de inicio e fin da suspensión da relación laboral por nacemento e coidado de menor, remitido pola empresa a través do Sistema RED ou en papel no caso do Sistema Especial para Empregados do Fogar.

**2. MOTIVO DA SOLICITUDE**

***2.1 Nacemento:***

– O **informe de maternidade**, expedido polo correspondente Servizo Público de Saúde, nos seguintes casos:

  • Cando a traballadora comece o descanso con anterioridade á data do parto.

  • Cando se produza o falecemento do fillo, trala permanencia no seo materno durante, cando menos, cento oitenta días.

– **Certificado de inscrición de nacemento,** cando estes datos non consten automatizados no Rexistro Civil. Se o descanso se comezou con anterioridade ao parto, presentarase unha vez practicada a inscrición rexistral do fillo.

– **Declaración de nacidos sen vida tras os seis meses de xestación**, do Rexistro Civil.

– Se a nai **exerce unha actividade profesional que non dea lugar á alta no sistema da Seguridade Social** e pertence a unha mutualidade ou colexio profesional, presentarase un certificado no que conste que, con motivo do parto, non percibiu unha prestación ou indemnización, calquera que sexa a súa duración, contía, configuración ou réxime.

– Se o nacemento ten lugar no estranxeiro e o menor ten nacionalidade estranxeira, necesítase a **inscrición do nacemento no rexistro civil do país de nacemento e/ou nacionalidade o documento debe estar debidamente legalizado e/ou traducido, segundo o país de que se trate**. Se un dos proxenitores ten nacionalidade española e o menor non ten a posibilidade da dobre nacionalidade, debe presentarse o pasaporte do menor.

***2.2 Xestación por substitución:***

– **Inscrición da filiación do nado no Rexistro Civil español**

**o**

– **Sentenza xudicial firme española** sobre a filiación.

***2.3 Adopción, garda con fins de adopción, acollemento ou tutela:***

– A **resolución xudicial** pola que se constitúe a adopción ou tutela, ou ben a **resolución administrativa ou xudicial** pola que se concede a garda con fins de adopción ou o acollemento familiar, tanto permanente como temporal. No caso do acollemento temporal estimarase válida a comunicación do organismo das comunidades autónomas que o regulen.

– Cando se trate de adopción, garda con fins de adopción ou acollemento de maiores de seis anos, no caso de que resulte de aplicación á persoa traballadora a normativa do Estatuto dos Traballadores (art. 45.1.d), deberán presentar:

  • Para maiores de 6 anos con discapacidade: certificación do Instituto de Maiores e Servizos Sociais (Imserso) ou do órgano competente da comunidade autónoma respectiva, acreditativa de que o menor adoptado, en garda con fins de adopción ou acollemento, presenta un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%.

  • Para maiores de 6 anos que, polas súas circunstancias e experiencias persoais ou por proceder do estranxeiro, teñan especiais dificultades de inserción social e familiar: certificación da entidade pública competente en materia de protección de menores.

***2.4 Adopción, garda con fins de adopción ou acollemento internacionais:***

– Cando sexa necesario o **desprazamento previo dos proxenitores ao país de orixe do adoptado**, achegarase a documentación emitida polo órgano competente da comunidade autónoma, na que se xustifique o comezo dos trámites para a adopción, garda con fins de adopción ou o acollemento.

– Adopción constituída nun estado estranxeiro e inscrita na oficina consular española: Xustificante da inscrición rexistral ou o documento en que se acredite a constitución da adopción e o seu rexistro.

– Adopción, e tutela coa finalidade de adopción, constituída nun estado estranxeiro non inscrita en España:

  • Resolución administrativa ou xudicial que acredite a constitución da adopción ou a tutela.

  • Visado a prol do menor expedido pola oficina consular española.

  • Certificado, resolución ou declaración de idoneidade do adoptante, expedido pola autoridade competente española.

  • Documento no que polo solicitante se acredite ter comezados os trámites conducentes á constitución en España da adopción ou, no seu caso, á inscrición da adopción no Rexistro Civil.

20260724

C-234 gal V.3

### 3. MODALIDADE DE DISFRUTE

***3.1 Descanso a tempo parcial (teña en conta que esta modalidade só se permite nos períodos voluntarios do descanso):***

**En caso de opción de descanso en réxime de xornada a tempo parcial:**

- **Para traballadores por conta allea,** certificado de empresa (que achará en *www.seg-social.es*).
- **Para traballadores por conta propia,** documento acreditativo do interesado no que se recollan os termos en que se realizará o réxime de parcialidade da actividade (que achará en *www.seg-social.es*).

### 4. OUTRA DOCUMENTACIÓN

- **En caso de discapacidade dos fillos nacidos ou menores adoptados en situación de garda con fins de adopción ou de acollemento familiar**: Certificado de discapacidade, co recoñecemento dun grao igual ou superior ao 33%, emitido polo Imserso ou polo órgano competente da comunidade autónoma ou, se son menores de tres anos, a acreditación de que o nivel de dependencia, conforme á Escala de Valoración Específica para persoas menores de tres anos, é polo menos de grao I moderado.

  Cando o grao de discapacidade non fose determinado, tratándose de recentemente nados, abondará cun informe do Servizo Público de Saúde ou un informe médico dun hospital público ou privado, neste último caso avalado polo Servizo Público de Saúde, no que se faga constar a discapacidade ou a súa posible existencia.

- **En caso de internamento hospitalario do neonato a continuación do parto,** que dea lugar á ampliación do período de descanso, documento expedido polo centro hospitalario acreditativo da hospitalización no que se especifiquen as datas de inicio e de finalización.

- **Suposto especial de prestación por nacemento e coidado de menor non contributiva:** para a ampliación do período de descanso en 14 días naturais por discapacidade do fillo ou menor, ou, de forma excluínte, por discapacidade da persoa solicitante desta prestación: Certificado de discapacidade, co recoñecemento dun grao igual ou superior ao 65%.

- **Se está percibindo a prestación de incapacidade temporal, en pagamento directo dunha Mutua colaboradora coa Seguridade Social,** achegará un certificado desta entidade, con indicación do cálculo da base reguladora e a data de finalización do subsidio.

20260724

C-234 gal V.3

**(*) Se os documentos foron emitidos por organismos extranxeiros, será necesario cumprir os requisitos de legalización para ser válidos en España**

**PRESTACIÓN**

# NACEMENTO E COIDADO DE MENOR

## O INSTITUTO NACIONAL DA SEGURIDADE SOCIAL INFÓRMALLE:

De acordo co artigo único do Real Decreto 286/2003, de 7 de marzo (BOE do 8 de abril), o prazo máximo para resolver e notificar o procedemento iniciado é de 30 días contados desde a data na que a súa solicitude foi rexistrada nesta Dirección Provincial ou, no seu caso, desde que achegase os documentos requiridos.

Transcorrido o dito prazo sen ter recibido notificación coa resolución desta solicitude, poderá entender que a súa petición foi desestimada por aplicación de silencio negativo e solicitar que se dite resolución, tendo esa resolución valor de reclamación previa de acordo co establecido no artigo 71 da Lei 36/2011, de 10 de outubro, reguladora da xurisdición social (BOE do día 11).

As comunicacións e notificacións relativas a esta prestación efectuaranse por medios electrónicos na Sede Electrónica da Seguridade Social, na seguinte ligazón: info.seg-social.es/notif.

Se desexar obter a Cl@ve permanente, poderá achar toda a información necesaria na seguinte dirección: *https://clave.gob.es*.

Se esta solicitude non vai acompañada dos documentos necesarios para a súa tramitación, deberá presentalos no prazo de dez días contados desde o seguinte a aquel no que se lle notificase o seu requirimento. Pode presentalos sen desprazarse na Sede Electrónica da Seguridade Social, utilizando certificado dixital ou Cl@ve permanente (*http://sede.seg-social.gob.es*), por correo postal ou persoalmente en Centro de Atención e Información da Seguridade Social solicitando cita previa.

O incumprimento do prazo sinalado terá os seguintes efectos:

– Documentos de identificación do titular e, se é o caso, do representante legal, do representante voluntario, así como acreditación da representación: entenderase que desiste da súa petición, previa resolución do Instituto Nacional da Seguridade Social, de acordo co previsto nos arts. 66 e 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro (BOE do 2-10-2015).

– Documentos de certificado de empresa e inscrición de nacemento do Rexistro Civil ou resolución xudicial ou administrativa de adopción, acollemento, garda ou tutela: entenderase que desiste da súa solicitude, previa resolución do Instituto Nacional da Seguridade Social, de acordo co previsto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro (BOE do 2-10-2015).

– Resto de documentos: o seu expediente tramitarase sen ter en conta as circunstancias ás que se refiren por non ter sido probadas, de acordo co art. 77 da citada Lei 39/2015 ou, no seu caso, considerarase que non acreditou suficientemente os requisitos necesarios para causar ou calcular a prestación solicitada, de acordo co establecido no Real Decreto 295/2009, de 6 de marzo, polo que se regulan as prestacións económicas do sistema da Seguridade Social por maternidade, paternidade, risco durante o embarazo e risco durante a lactación natural (BOE do 21-03-2009).

Se, pola contra, os presenta no tempo requirido, o prazo máximo para resolver e notificar a súa prestación comezará a partir da data de recepción deses documentos.

20260724

C-234 gal V.3

**LEMBRE:**

Se se produce algunha variación nos datos desta solicitude, tanto no referente á súa situación laboral (cesamento no traballo, inicio de actividade laboral a tempo parcial, etc.) como do seu domicilio, mentres estea vixente a prestación, debe comunicalo a esta entidade xestora por calquera das vías indicadas anteriormente.

## INFORMACIÓN ADICIONAL SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

| | |
|---|---|
| **RESPONSABLE DO TRATAMENTO** | ***Quen é o responsable do tratamento dos seus datos persoais?***<br>Instituto Nacional da Seguridade Social<br>Rúa Padre Damián, 4<br>CP 28036 Madrid, ESPAÑA<br>*https://sede.seg-social.gob.es* |
| **DELEGADO DE PROTECCIÓN DE DATOS** | ***Como pode contactar co Delegado de Protección de Datos?***<br>Enderezo do Servizo Xurídico da Seguridade Social<br>Rúa Infanta Mercedes, 31- 3ª Andar<br>CP 28020 Madrid, ESPAÑA<br>*https://sede.seg-social.gob.es* |
| **FINALIDADE DO TRATAMENTO** | ***Para que empregaremos os seus datos?***<br>Os seus datos serán tratados coa finalidade principal de resolver esta solicitude e de xestionar, no seu caso, a prestación recoñecida.<br>O tratamento dos seus datos de contacto terá coma finalidade a realización de comunicacións e remisión de información en materia de Seguridade Social.<br>Os datos persoais proporcionados conservaranse mentres sexan necesarios para xestionar a súa prestación ou as dos seus posibles beneficiarios, así como para outros fins de arquivo e estatística pública. |
| **LEXITIMACIÓN DO TRATAMENTO** | ***Cal é a lexitimación para o tratamento dos seus datos?***<br>O tratamento dos datos realizarase sobre a base do exercicio de poderes públicos autorizado por unha norma legal (Arts. 66, 71, 72, 77 e concordantes do Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, en adiante TRLXSS).<br>Verbo das comunicacións e envío de informacións en materia de Seguridade Social, o tratamento virá lexitimado polo seu consentimento. A negativa a outorgalo suporá que non poderá recibir este tipo de envíos, se ben non impedirá que lle podamos informar polos ditos canais do estado das súas solicitudes. Tamén lle informamos de que non está obrigado a proporcionar o seu enderezo de correo electrónico e número de teléfono móbil e que, en caso de non facilitalos, non impedirá o trámite da súa solicitude. |
| **DESTINATARIOS DE CESIÓNS OU TRANSFERENCIAS** | ***A quen comunicaremos os seus datos?***<br>Os datos persoais obtidos polo Instituto Nacional da Seguridade Social no exercicio das súas funcións teñen carácter reservado e só se empregarán para os fins encomendados legalmente, sen que poidan ser cedidos ou comunicados a terceiros, agás que a cesión ou comunicación teña por obxecto algún dos supostos previstos expresamente no artigo 77 do TRLXSS, así como os supostos indicados en calquera outra norma de rango legal.<br>Se se trata dunha solicitude baseada en normativa internacional, os seus datos poderán ser cedidos aos organismos estranxeiros competentes para o trámite da súa solicitude. |
| **DEREITOS DAS PERSOAS INTERESADAS** | ***Cales son os seus dereitos cando nos proporciona os seus datos persoais?***<br>Verbo dos datos persoais proporcionados, pode exercitar en calquera momento e nos termos establecidos pola normativa de protección de datos os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación e oposición, ou ben retirar o consentimento prestado ao seu tratamento nos casos que fose requirido, todo iso mediante escrito presentado nun Centro de Atención e Información da Seguridade Social (CAISS) ou, por correo postal ou a través da sede electrónica da Seguridade Social, ante o Delegado de Protección de Datos cuxos datos se atopan no segundo apartado desta táboa.<br>Informámoslle de que en caso de considerar que o seu requirimento non foi atendido oportunamente, ten a posibilidade de presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos. |
| **PROCEDENCIA** | ***Como obtemos os seus datos persoais?***<br>Amais dos datos proporcionados por vostede na súa solicitude, recollemos outros datos persoais doutras administracións e entidades en cumprimento da normativa e co fin de axilizar e facilitar a actuación administrativa. Estes accesos a datos están amparados en normas con rango de lei. |

20260724
C-234 gal V.3